



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os Concellos da Coruña e Arteixo para a coordinación dos servizos públicos de transporte público con orixe ou destino no núcleo de Meicende

1. O núcleo poboacional de Meicende, pertencente ao termo municipal de Arteixo, constitúe un importante asentamento situado nas proximidades da Coruña. Aínda que se atopa fóra do termo municipal do concello cabeceira da comarca, está en clara continuidade con este e dentro do seu cinto metropolitano, e alberga na actualidade un importante volume de veciños que presenta unha demanda de mobilidade recorrente.

As administracións competentes teñen a responsabilidade de atender esa necesidade a través dunha oferta de transporte axeitada. Porén, as peculiares características da zona na que se localiza Meicende determinan que os tráxicos non podían ser cubertos de maneira totalmente satisfactoria polos servizos de transporte interurbano, que non ofrecen as frecuencias nin a accesibilidade precisas, nin tampouco polo urbano da Coruña, que non podía estender os seus servizos máis alá do termo municipal.

2. Como instrumento para resolver de maneira eficaz as dificultades descritas, os Concellos da Coruña e Arteixo xunto coa Xunta de Galicia, formalizaron con data do 28 de abril de 2015 un convenio de colaboración dirixido á coordinación das intervencións que lles corresponden ás administracións autonómica e local en virtude das súas respectivas competencias, co fin de acadar unha mellor satisfacción do interese xeral, con base na regulación establecida pola disposición adicional decimosegunda da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que establece a posibilidade de que as administracións formalicen convenios de colaboración *"mediante os que se establecerán actuacións de coordinación de servizos de transporte público das súas respectivas competencias, incluíndo a habilitación da extensión dos servizos interurbanos ao transporte urbano ou viceversa"*.

Con base nesta habilitación legal, mediante a sinatura do devandito convenio de colaboración estendéronse os servizos do transporte urbano da





cidade da Coruña ao ámbito do núcleo de Meicende. Desta maneira, as características da oferta en canto a calendario, horarios, itinerarios, prezos e penetración urbana víronse substancialmente melloradas e adaptáronse de maneira máis precisa ás necesidades dun asentamento periurbano como o citado.

3. Con data 19 de abril de 2018 engadiuse unha addenda ao dito convenio, pola que se modificaba a súa cláusula décima, referente á vixencia do convenio, que se estendería ata o 19 de abril de 2022.

4. Tralo vencemento do prazo de vixencia inicialmente establecido, mais manténdose as condicións que determinaron a súa formalización, considérase preciso asinar un novo convenio, cunha vixencia de catro anos, prorrogable, cun obxecto análogo ao do anterior, facilitando a cobertura do servizo de transporte ao devandito núcleo a través da extensión do servizo de transporte urbano da Coruña.

O servizo de transporte público colectivo entre o núcleo de Meicende e o municipio da Coruña, continuará a ser prestado pola empresa contratista da xestión do servizo público de transporte urbano do Concello da Coruña, mediante a extensión da actual liña 6 do transporte urbano, polo que os servizos obxecto deste convenio prestaranse en condicións equivalentes ás do resto do transporte urbano da Coruña.

O concello de Arteixo asume o compromiso de indemnizar economicamente ao Concello da Coruña pola extensión do servizo e a realizar os novos investimentos que sexan precisos para a prestación do servizo. Así mesmo, o Concello de Arteixo asumirá integramente calquera indemnización que puidese corresponder aos concesionarios de servizos públicos de transporte derivado deste convenio.

A Xefa do Servizo de Coordinación dos Plans de Transporte

Marta Figueiras García

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte

Antón García Ríó

Conforme:

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra (*documento asinado dixitalmente*)

